

CONVOCATORIA DE SOLICITUDES DE MOBILIDADE PARA ALUMNOS SAINTES DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo fai pública a presente convocatoria de solicitudes de axudas para a Mobilidade de Estudantes para Estudos e Prácticas, tanto de Estudos Superiores de Deseño como de Ciclos Formativos de Grao Superior, no marco do Programa Erasmus+ KA103, para calquera país da Unión Europea e asociados.

Para poder participar nesta convocatoria os alumnos deberan encher o formulario correspondente.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar neste programa os estudantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade ou autorización de residencia válida nun dos países participantes no programa Erasmus+.
- Estar matriculado na EASD Lugo, en calquera dos Ciclos de Grao Superior e Estudos Superiores, tanto no momento de presentar a solicitude coma no momento de realización das Prácticas ou Estudos.
- Ter pasado tódolos módulos do primeiro ano dos estudos que se están a realizar. No caso de non ter superados todos os módulos académicos, o módulo FCT non será validado por estas Prácticas.
- Ter pasado tódolas materias dos catro cursos dos Estudos Superiores agás as Prácticas Externas e o Proxecto Final ou Integrado.
- Non ter participado previamente nunha bolsa Erasmus para prácticas en empresas.
- Xustificar que ten o nivel necesario da lingua utilizada na empresa de destino.

Para ser elixible para unha práctica Erasmus+ é obrigatorio pasar por un nivel de proba B1 (inglés, francés, alemán, italiano ou idioma dese país) ou probar o coñecemento destes idiomas. A acreditación realízase adxuntando á solicitude calquera das certificacións que eximan da proba.

EXPEDIENTE ACADÉMICO

Valorarase de 0 a 10

PROBA DE IDIOMA

As persoas que non teñan a acreditación do nivel de lingua estranxeira no nivel B1 para participar na práctica Erasmus farán as probas escrita, de escoita e oral. Valoración de 0 a 10

ENTREVISTA PERSOAL

Aquelas persoas que soliciten estas estadias deberán presentar un Curriculum Vitae Europass, así como un portafolio cos seus traballos, para a súa avaliación polo tribunal de selección.

O Tribunal poderá descartar aquelas solicitudes, que de maneira xustificada estime oportuno.

Coordinador do Programa Erasmus+ na EASDRF Lugo

Documentos a presentar:

Fotocopia DNI

Asinar Learning Agreement

Contratar un seguro de responsabilidad civil superior a 30000€

Curriculum Vitae

Tarjetas de embarque

Certificación de conta bancaria

Enquisa SEPIE

Certificado de finalización

Certificado de chegada